

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía de Galicia afonda nas boas prácticas na xestión das persoas nas empresas

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017 - Mañá sábado 1 de abril, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle un foro sobre a xestión dos recursos humanos nas empresas, co título "A xestión das persoas nas organizacións. Negociando co futuro" e que decorrerá na súa sede en Santiago de Compostela.

Este foro é unha oportunidade para debater sobre as competencias profesionais e coñecer os novos procedementos, normas e proxectos en curso para a regulación, a xestión das persoas e as boas prácticas profesionais nas empresas. Abrirá a sesión Santiago Medín Díaz, xestor de recursos humanos de GO People&Talent, experto en Consultoría de Recursos Humanos en Galicia, que disertará sobre as competencias do/a profesional da psicoloxía na xestión de recursos humanos.

Continuará Rafael García Sánchez, presidente do Comité Técnico de Normalización Nacional da Norma ISO/TC 260 sobre a xestión dos recursos humanos do Consejo General de la Psicología de España, que falará sobre as persoas nas organizacións e as normas consensuadas para a xestión eficiente. Pechará a xornada e moderará o debate Ana Entenza Vidal, directora de Desenvolvemento de Proxectos de EGA Consultores, que abordará o tema da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións na xestión das persoas e os seus retos para o futuro.

Esta actividade está organizada pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG e participarán nela preto de corenta profesionais da psicoloxía.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal